

Do labirinto

Esta tarde de verán saín a pasear por un dos maiores bosques dos arredores de Bruxelas, *Le Bois de la Chambre*, un faial inmenso, inzado de camiños e recunchos de beleza inaudita. Entrei no bosque polo camiño do Minotauro (*Alée du Minotaure/Minotaur weg*), que vai entre "o camiño do alborexar" e "o da sombra", e daquela dinme de conta que estaba no labirinto, precisamente no lugar polo que Minotauro –fera ilustrada- entra e sae da súa casa, quer na persecución dos incautos que nel entraran, quer para se eclipsar na cidade e visitar os numerosos amantes que el ten, pois é ben sabido que só no interior do labirinto é cando Minotauro é perigoso, xa que pasado o limiar se transforma en doncel amábel e algo andróxino. Camiña por entre nós mimetizado en ser anxelical e inofensivo, escoitando nos seus auriculares arias de ópera ou baladas folclóricas da súa nenez, cando aínda non sufrira a mutación terríbel.

Cando un penetra no labirinto, fuxindo da realidade que o contorna ou procurando respostas ás múltiples preguntas que lle saen ao encontro na vida, pode atopar alí ao improviso, nos dédalos inescrutábeis, o seu lugar no mundo, que é un outro xeito de dicir o seu nicho ecolóxico, ese desequilibrio tenso ou guerra interna que o sitúa nunha zona de conforto, ou, se así se prefire, que o redima do seu nada cotiá. Hai outras actitudes –Teseo é un exemplo mítico, Borges podería selo tamén dun xeito literario e escuro- que pretenden a procura do confronto directo con Minotauro e, enténdase, a súa destrución sumaria como representación de todos os males. Eses seres belixerantes adoitan levar prendido no cinto o fío que Ariadna lles tendera para poder así, unha vez rematada a súa función, fuxir de xeito rápido para deixar impune o seu magnicidio. Hai despois, entre nós, tantos e tantos poetas –escriban versos ou non, arboren consignas ou argumentos- que entran con medo e xa nunca queren saír.

No camiño vanse sucedendo árbores derramados na última treboada, foxos que deixaran as varias guerras insidiosas, sendeiros tortuosos que levan a pasaxes subterráneas –pois saiban que o labirinto é tridimensional e o tempo, como carta dimensión, non é alleo á súa arquitectura- marcas deixadas polos esquíos ou polos renartes que nos precederan no paseo. Na fin un chega polo camiño dos iris (*le chemin des iris/irissen weg*) até un estanque agora tapizado de algas, mais que na cerna do inverno se converte en superficie xeadá. Alí está o pozo sen fondo, o lugar onde nadar ou desprazarse sobre patíns de xeo, ou se cadra o lugar onde morrer atravesado polas agullas de xeo (inverno) enchoupado pola chuvia persistente (primavera), afogado nas augas anóxicas cercado de cisnes brancos e galiñas de auga (verán) ou comesto polos vermes do limo (outono).

En chegando aquí preguntáranse porque é que case nunca lles falo de política cando esta é unha sección de opinión e por iso, lugar privilexiado para as consignas ou as *soflamas*. Están certos que non é de política do que lles falo? Se cadra as marcas deixadas na codia das faias ou nas tiras arrincadas dos bidueiros, nas pegadas que os golpes ou os xabarís foron deixando no camiño, ou aquelas que os homes dacabalo deixaron ao seu paso, non sexan senón un sistema de signos para atopar o camiño no avance inexorábel do tempo, na sucesión rítmica das estacións e dos conflitos.

Ariadna hai tempo que toleou, que deixou de tecer o fío que nos permitira entrar e saír deste labirinto onde a memoria –esa irredenta fabuladora- vai construíndo unha rede aleatoria de lembranzas, que constitúen, asemade, unha rede de posibilidades e incertezas.

Agora cheguei ao "camiño dos navegantes" e non sei ben se o labirinto está no meu interior ou é algo estraño a min, pois móvome sen fío e sen compás –se cadra tamén sen consciencia de estar no seu interior-. Non sei tampouco se Minotauro existe ou só é un mito inventado para conxurar o medo.

Están certos que é dun paseo polo bosque e non é de política do que lles falo?